



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN PARA SOLICITAR A CELEBRACIÓN DAS LETRAS GALEGAS DE 2022 EN HONRA A FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN**

Dende o ano 1963 e grazas á proposta dos académicos de número Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo, celebramos en Galicia o 17 de maio o Día das Letras Galegas, unha data de exaltación e promoción da nosa lingua e a nosa literatura, alicerces esenciais sobre os que se constrúe a nosa cultura e a nosa identidade.

Nestes 58 anos, Galicia e os galegos e galegas rendemos homenaxe a 59 persoas que consagron a súa vida e o seu traballo a prol da lingua e da cultura galegas, tanto dentro como fóra de Galicia.

Florencio Delgado Gurriarán foi un poeta, investigador e intelectual galego, nado en Córcomo de Valdeorras no ano 1903. Participou activamente na vida cultural e literaria do século XX, tanto en Galicia coma no seu exilio en México, do que é considerado a figura máis relevante.

Licenciado en Dereito, comezou na súa Valdeorras natal a singradura tanto na política como na cultura, formando parte da revitalización sociocultural que traían os anos vinte. Na súa terra participou en asociacións como “La Tertulia” ou o “Liceo Recreativo”, e tamén no artellamento de novas redes de ocio e cultura como o teatro, a música ou o cinema. Superando a esfera comarcal, as súas inquiredanzas lévano a adscribirse ao ideario das Irmandades da Fala, participando na constitución da Irmandade de Ourense.

Tamén participou activamente en publicacións e xornais a nivel provincial e, pouco a pouco e paralelamente, comezou a interesarse pola política. Formou parte do artellamento do Partido Galeguista, sendo o elo vencellador entre a élite política ourensá e valdeorresa. Grazas ao seu traballo, Valdeorras recibiría a visita de persoeiros como Ramón Otero Pedraio ou Alexandre Bóveda, entre outros. Destaca tamén a súa relación con Castela, o seu grande e admirado amigo ao que homenaxeará no seu escrito “O soño do guieiro”.

Coa sublevación militar de 1936 que deu paso á Guerra Civil, viuse obrigado a exiliarse e, xunto a 998 refuxiados políticos, abandonou España rumbo a México, desde Burdeos, no Ipanema. Alí participou activamente na creación do “Ateneo de Galicia en México”.

En 1944, nacía o Pacto Galeúzca. Este pacto político de actuación entre exiliados galegos, cataláns e vascos, buscaba unha saída política e abría a posibilidade a un traballo conxunto e organizado. Florencio sería un dos asinantes, representando ao Partido Galeguista.

Igualmente participou na fundación do “Padroado da Cultura Galega en México”, traballou na revista “Saudade” (xullo de 1942) xunto a moitos dos incondicionais ás tertulias diarias



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

nos cafés como Carlos Velo, Ramiro Illa Couto, Ramón Cabanillas (fillo), Roxelio Rodríguez de Breaña, e un longo etcétera de galegos afincados en México.

Axudou a pór en marcha a revista “Vieiros”, referente da cultura galega no exterior e considerada unha das revistas que gardou a cultura galega alén do mar e que nace con Velo, Soto e Florencio na directiva. A publicación foi un éxito rotundo tanto no exilio como en Galicia e nela participaron intelectuais, pintores ou escritores, tanto dun lado como do outro do Atlántico. Nela atopamos vestixios do espírito que en Galicia se plasmaba a través do Grupo Galaxia que guiaba Piñeiro. Florencio contactou con este grupo a través de Fernández Del Riego.

A máis dos traballos no eido cultural, poñendo en marcha iniciativas como as nomeadas, atopamos un extraordinario labor poético no que despuntou como membro da xeración de hilozoístas seguidores da liña creada por Amado Carballo, a carón de plumas recoñecidas como Blanco Amor. Comezou publicando as súas poesías nos xornais e revistas especializadas ata que no 1934 sae do prelo da editorial Nós o libro *Bebedeira*.

Non volveu editar un libro ata a posguerra, cando unifica nun poemario a súa poesía anterior á guerra e os novos escritos nados no exilio. O libro leva por título *Galicia Infinda (1963)*. Porén, este longo período sen publicacións individuais coincide coa época de maior efervescencia no eido cultural, coa posta en marcha das revista do exilio e tamén cun traballo de investigación.

Neste período nace outra faceta: a que deixa ver o seu amor polo idioma e a súa intención de traballar pola súa dignificación. Coñecedor da importancia que tiña a tradución ao galego dos grandes autores da literatura mundial, presentouse a un concurso organizado pola Federación das Sociedades Galegas de Bos Aires e gañouno xunto a Plácido castro e Tobío Fernández coa publicación *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego (1949)*. Entre os seus textos atopamos traducións de Rimbaud, Mallamé, Materlinck ou Regnier.

No 1981 publícase *Cantarenas*, un fermoso libro que conta coas ilustracións de Xaime Prada e no que se atopa un dos poucos textos en prosa do autor. A derradeira obra publicada foi *O soño do guieiro*. Un encargo que lle fan para a revista “Galicia” do Centro Galego de Bos Aires, co fin de conmemorar o 25 cabodano da morte de Castelao, o seu admirado e querido amigo, o seu guieiro.

Delgado Gurriarán recibiu en vida a honra de ser nomeado Membro Correspondente da Real Academia en México. Este ano diríxese outra petición de homenaxe a esta institución e cremos que a súa valía farano merecedor desta honra.

Ante os seus extraordinarios, notorios e evidentes méritos, o grupo provincial socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO:**

1. Que a Deputación Provincial de Ourense se sume á iniciativa promovida polo proxecto cultural *As Letras de Florencio* e apoie a candidatura do poeta valdeorrés,



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

Florencio Delgado Gurriarán, para que lle sexa concedido, en 2022, o Día das Letras Galegas.

2. Que a Deputación Provincial de Ourense dea difusión, a través de todos os medios de difusión cos que conta a institución, á candidatura do poeta valdeorrés, Florencio Delgado Gurriarán, para que lle sexa concedido, en 2022, o Día das Letras Galegas.
3. Que a Deputación Provincial de Ourense traslade o seu apoio á candidatura do poeta valdeorrés, Florencio Delgado Gurriarán, para que lle sexa concedido, en 2022, o Día das Letras Galegas, á Real Academia Galega, para coñecemento e constancia de todos os seus membros.

En Ourense, 13 de maio de 2021.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE